

DOUS NO CAMIÑO

Dirixida por Avelino González a partir de textos de Roi Vidal e Xurxo Barcala, e dirixida polos humoristas Fran Rei e Isabel Risco, Dous no camiño nace expresamente para a programación do Xacobeo Vive o Camiño 2017. Neste espectáculo, dirixido a todos os públicos e cunha posta en escena moi sinxela, repásanse tres das lendas xacobeas máis populares: a do cabaleiro francés Roldán, a da barca de pedra de Muxía, e a traslatio do Apóstolo Santiago a Compostela. Sempre nun ton cómico, mantendo a esencia desas historias máxicas e con total respecto. Dous no camiño pretende ser un achegamento divertido e sinxelo ás lendas xacobeas, facendo especial fincapé nas súas raíces galegas. Ao longo de 70 minutos de espectáculo, Isabel Risco e Fran Rei, uns peregrinos con personalidades opostas e que accidentalmente se atopan nun punto do camiño, transfórmanse no elenco de personaxes que protagonizan estas lendas. Lendas xacobeas para gozar de historias maravillosas increíbles.



Martes 4 de xullo de 2023 ás 20:30 h.

DANI ROYO "HOMENAXE A ANTONIO FLORES"

Consiste nun espectáculo de música en directo, é un espectáculo único no mundo, xa que é o único trío activo nestes momentos. Liderado polo recoñecido Dani e acompañado por un dos membros da banda orixinal de Antonio Flores, Javier Catalá.

Coa paixón e dedicación que renden homenaxe a un dos xenios máis grandes da nosa música española, saca unha contundente aposta musical innovadora, facendo un percorrido polos grandes éxitos do artista, caracterizados polo seu poderoso directo con sons actuais. Quen mellor para darlle voz e sentimento que Dani Royo, e co cariño recibido en cada un dos seus concertos, que aplauden a proposta musical e escénica "Homenaxe Antonio Flores." "Ese é o noso maior premio..." E agora, xa están inmersos na Xira 2023. Será un ano intenso, pero están ilusionados con este novo reto e por seguir escribindo novos capítulos.



Mércoles 5 de xullo de 2023 ás 20:30 h.

ALDAOLADO BENQUERER(SE)

Neste espectáculo as poetas Lucía Aldao e María Lado mesturan poemas, música e historias para facer visibles as desigualdades que as mulleres seguimos atopando na nosa vida pública e privada. Cun afiado sentido do humor, Aldaolado falan do patriarcado, do feminismo, da discriminación de xénero, do concepto do amor romántico, do amor a unha mesma e de todos aqueles temas cos que van tropezando no seu camiño. Para isto parten de experiencias propias que aparecen nas historias e poemas, pero tamén chaman por mulleres que marcaron a nosa historia - como Elisa e Marcela, por poñer só un exemplo-, e que van aparecendo entre os versos, nas cancións e nas pequenas homenaxes que conforman este espectáculo cheo de reflexión, risas e amor. Porque ser muller é tamén aprender a quererse e querer ás outras, e, se fai falla, rirse incluso dunha mesma e das nosas pantasma.


E Aldao e Lado pensan que o humor e a poesía son tamén ferramentas coas que mudar o mundo.



Xoves 6 de xullo de 2023 ás 20:30 h

DURDEN

Durden compón himnos en castelán para as enérxicas xeracións que piden paso tras rexurdir dos tempos difíciles. Escrito e interpretado de corazón e coa intensidade dun son rock que xoga co pop bailable, funky e algunhas notas de jazz nas súas cancións de autor. Durden é ante todo unha experiencia de dirección co obxectivo de axitar as pernas mentres move as consciencias. En formato "power trío", as voces dos tres membros harmonizan a voz principal no coro. A banda fórmase en 2018 e ofrece varios concertos en salas de Madrid. É agora, despois da pandemia, cando o proxecto consolídase con 10 cancións gravadas no estudo e a súa promoción nos escenarios máis tradicionais do panorama musical español



Venres 7 de xullo de 2023 ás 21:00 h

Entrada libre sen reservas

Para máis información
Servizos Múltiples
Rúa Ramón Cabanillas 14, O Burgo
981 665 597
Horario: 9:00 a 14:00 h



III ENTRECULTURAS NO XARDÍN

Do 4 ao 7 de xullo
no Xardín Botánico
Ría do Burgo

